

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011798	IES Alexandre Bóveda	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Oratoria	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

Nas interaccións sociais de cada día, debemos escoitar, falar, participar, debater, decidir, comprender, defender e, en última instancia, convencer a alguén de algo. Polo tanto, ser un comunicador ou comunicadora competente pode marcar unha diferenza substancial tanto nas relacións persoais como no éxito da carreira académica e profesional. Trátase dunha habilidade social básica e de presenza central, constante e manifesta na nosa vida cotiá.

Por outra banda, falar en público é hoxe unha actividade que adopta formas e usa canles moi variadas: as redes sociais, as reunións de traballo, a actividade académica, os medios de comunicación, as xuntanzas políticas, os discursos comerciais, os colectivos culturais, as congregacións informais, etc. Tal diversidade e amplitude de situacións fan que as tradicionais disciplinas da oratoria e a súa inseparable retórica acaden no noso tempo unha proxección práctica particularmente tanxible.

No contexto normativo actual, a materia de Oratoria está chamada a ocupar nos últimos cursos da ESO un posto central no progreso curricular do alumnado. As oito competencias que definen a aprendizaxe permanente e os obxectivos curriculares asociados no seu caso adquiren aquí unha presenza concreta, explícita e concluínte, debido á natureza transversal da propia actividade oratoria.

Así, a materia de Oratoria preséntase en 3º de ESO como un soporte amplo e sólido para o desenvolvemento integral do alumnado nun momento moi preciso da súa formación. Expoñer ideas e debater opinións son trazos de madurez individual que poderán ser desenvolvidos nos seguintes niveis educativos e que se proxectarán nunha vida colectiva tamén máis rica e ampla, como se espera dunha sociedade democraticamente avanzada.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demais.	1-5	1-3	4	3	1	2		
OBX2 - Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e a súa relación coa retórica e a práctica do debate.	2-4							1-2
OBX3 - Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais.	1-2	1	1-2			1	3	1-2-3-4
OBX4 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	2-3			1	4	1-3-4		
OBX5 - Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e o sentido da iniciativa.	1-5	1-2-3	3-4		1-3	2	1	3
OBX6 - Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo.	1	1-3			1-4-5	1-3	2-3	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Empregar distintos soportes e ferramentas tecnolóxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo.	3			1-2-3-4-5	4			4
OBX8 - Recoñecer e empregar a capacidade persuasiva da palabra conservando unha base ética sólida e rexeitando usos perversos ou contrarios á convivencia.	5	3	2-3-4-5	4-5	2	1-2-3-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As bases e principios da oratoria. O texto argumentativo.	Trátase de que o alumnado coñeza as bases da retórica e, a través de exemplos significativos, se familiarice co texto argumentativo e os seus ámbitos de difusión.	15	20	X		
2	O texto expositivo. A preparación dun discurso oral seguindo as fases da oratoria.	Con esta unidade, buscamos que o alumnado se familiarice co texto expositivo e o protagonismo das alumnas e dos alumnos a través da preparación e posta en práctica de dúas exposicións orais: unha de tema libre e outra dirixida.	20	20	X		
3	O texto persuasivo	Cada grupo deberá elaborar e presentar un proxecto de carácter persuasivo (un anuncio publicitario) Deste xeito, traballaremos tamén elementos transversais do currículo relacionados coa igualdade e os estereotipos sexistas.	35	35		X	
4	O debate	Esta última unidade consistirá en preparar e desenvolver un debate sobre un tema de importancia social e relevante para o alumnado. Traballaremos en equipo para investigar, expoñer os retos, dialogar, falar en público, convencer e, sobre todo, escoitar. Intentarase realizar un debate final, a modo de competición, cos outros grupos de oratoria.	30	30			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As bases e principios da oratoria. O texto argumentativo.	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	Deberase coñecer como xurdiu a Oratoria para dotar as persoas dunha ferramenta eficaz para desenvolver as súas capacidades e confrontar ideas de xeito construtivo. E as fases e os principios que rixen a mesma.	PE	53
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	O alumnado deberá coñecer as principais técnicas persuasivas que relacionan a Oratoria con outras disciplinas, como son a Retórica e a Dialéctica.		
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	O alumnado deberá coñecer as partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio.		
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Nos textos dos medios de comunicación e do ámbito académico, o alumnado identificará a intención persuasiva, recoñecerá a tese e diferenciará, como mínimo, os argumentos obxectivos dos emocionais.		
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	Como mínimo, o alumno ou a alumna será quen de aportar argumentos pertinentes de apoio e de refutación ante unha tese dada.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	O alumno empregará recursos propios da argumentación na posta en práctica de minidebates.		
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado será capaz de valorar a concisión, a claridade e o impacto das mensaxes persuasivas.	TI	47
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	O alumno será capaz de manexar fontes documentais ede diferente tipo		
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	O alumno será capaz de localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso,		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	O alumno será capaz de manexar fontes documentais e valorar a súa		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	O alumnado adaptará o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	O alumno será capaz de organizar as ideas nun esquema ordenado.		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	O alumnado será capaz de redactar o discurso on corrección lingüística.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Os alumnos realizarán sempre a revisión dos seus textos empregando todos os borradores que sexan necesarios.		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	O alumnado desenvolverá estratexias mnemotécnicas que faciliten a memorización de discurso.		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	O alumno memorizará o discurso deixando espazo para a improvisación		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	O alumno desenvolverá a capacidade de falar en público, en contextos informais,		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	O alumno esforzase en pronunciar con corrección, claridade e expresividade.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	O alumnado empregará a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	O alumnado usará programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio. - A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas. - A argumentación como factor clave: tipos de argumentos. - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Adecuación do discurso ao contexto. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Coherencia e cohesión. - Corrección lingüística. - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.

Contidos

- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.

UD	Título da UD	Duración
2	O texto expositivo. A preparación dun discurso oral seguindo as fases da oratoria.	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	O alumnado terá en conta as bases fundamentais da oratoria para a preparación e elaboración do seu discurso.	TI	100
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	O alumno terá en conta a preceptiva retórica na elaboración do seu discurso		
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	O alumno identificara as partes do proceso oratorio no seu propio proceso de traballo		
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	O alumno manexará diferentes fontes documentais.		
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	O alumnado seleccionará e contrastará a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Na procura da información, o alumnado será capaz de diferenciar información e opinión		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	O alumnado valorará a fiabilidade e a pertinencia da información antes de incluíla no seu traballo.		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	O alumno adoptará hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	O alumnado deberá adaptar o seu discurso ao receptor, á canle, á temática e ao contexto.		
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	No discurso, diferenciaranse con claridade a introdución, o desenvolvemento e a conclusión.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	As alumnas e os alumnos utilizarán premisas, teses e siloxismos para defender que cambios precisa o proceso de ensino-aprendizaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	O alumnado elaborará un discurso claro, breve e eficaz no que faga uso dos procedementos retóricos propios deste tipo de textos. Os erros lingüísticos non poderán comprometer a comprensión da mensaxe.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Como mínimo, o alumnado utilizará con soltura os correctores lingüísticos e os dicionarios para revisar os textos.		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	O alumnado desenvolverá estratexias mnemotécnicas do discurso e utilizará os recursos audiovisuais exclusivamente como guía.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	O alumnado falará en público en contextos formais de xeito individual		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	O alumno potenciará as emocións positivas na exposición perante o público		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	O alumnado pronunciará, na posta en práctica da súa exposición, con corrección, claridade e expresividade.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	O alumnado empregará a linguaxe corporal como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	O alumnado utilizará programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	O alumno será capaz de asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio. - Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. - Adecuación do discurso ao contexto. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido.

Contidos

- Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.
- Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.
- Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.
- Procedementos retóricos. Características estilísticas.
- Coherencia e cohesión.
- Corrección lingüística.
- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.
- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.
- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).
- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).
- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.
- Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.
- Proxémica: espazo escénico.

UD	Título da UD	Duración
3	O texto persuasivo	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	O alumnado identificará en discursos persuasivos de diferentes tipos, o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	PE	23
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado analizará a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	As alumnas e os alumnos utilizarán argumentos de autoridade, analoxías, exemplificacións e datos obxectivos e subxectivos, dependendo do discurso.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	O alumnado aplicará correctamente os criterios de selección das fontes documentais.	TI	77
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Como mínimo, o alumnado deberá escoller adecuadamente os contidos lóxicos pertinentes (datos, citas...).		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	O alumnado diferenciará entre informacións e opinións, ao tempo que será respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual.		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Os alumnos e as alumnas deberán adaptar o seu discurso ao receptor, á canle, á temática e ao contexto.		
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	Os alumnaos organizarán os seus discurso nunha estrutura ordenada: introdución, corpo e conclusión.		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	O alumnado elaborará un discurso claro, breve e eficaz no que faga uso dos procedementos retóricos propios deste tipo de textos.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Como mínimo, o alumnado utilizará con soltura os correctores lingüísticos e os dicionarios para revisar os textos.		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	O alumnado desenvolverá estratexias mnemotécnicas do discurso para falar con soltura ante o grupo		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	O alumnado aprenderá a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	O alumnado na exposición perante o público tentará controlar a conduta asociada ás emocións negativas.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	O alumnado pronunciará con corrección, claridade e expresividade.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Os alumnos empregarán a linguaxe corporal para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Os alumnos utilizarán programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	O alumnado será capaz de asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas.
- Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais.
- Documentación e investigación. Alfabetización mediática.
- Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.).
- Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación
- Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.
- Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias.
- Adecuación do discurso ao contexto.
- Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido.
- Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.
- Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.
- Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.
- Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia.
- Procedementos retóricos. Características estilísticas.
- Coherencia e cohesión.
- Corrección lingüística.
- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.
- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).
- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).
- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.
- Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.
- Naturalidade fronte a artificiosidade.
- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.

UD	Título da UD	Duración
4	O debate	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	O alumnado elaborará argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas.	PE	16
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	O alumnado deber ser capaz de distinguir os contidos lóxicos dos emocionais (anécdotas, imaxes...).		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	O alumnado empregará recursos propios da argumentación na elaboración de discursos argumentativos		
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	O alumnado diferenciará as fontes primarias das secundarias e manexará con pericia as fontes orais, escritas, audiovisuais, gráficas e, nomeadamente, Internet.	TI	84
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	O alumnado aplicará correctamente os criterios de selección das fontes documentais.		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Como mínimo, o alumnado deberá escoller adecuadamente os contidos lóxicos pertinentes (datos, citas...).		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	O alumnado diferenciará entre informacións e opinións, ao tempo que será respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual.		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Os alumnos adaptarán a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	O alumnado redactará o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	O alumnado realizará sempre a revisións dos seus textos, realizando o número de borradores que sexan necesarios		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	As alumnas e os alumnos deberán facer uso do guión e das TIC como elemento de apoio (non protagonista).		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	O alumnado será quen de interiorizar un discurso sobre unha proposta dada e expoñelo durante 3 minutos sen facer uso dun apoio visual.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	O alumnado expresarase con naturalidade, empatía e asertividade.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	O alumnado transmitirá confianza e controlará, na medida do posible, o nerviosismo cando fale en público.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Os alumnos e as alumnas deberán pronunciar correctamente, cun volume audible, a un ritmo pausado, manexando as pausas e os silencios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Como mínimo, o alumnado coidará a expresión facial e evitará os tics.		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	O alumnado utilizará ferramentas web para crear unha presentación que apoie a súa proposta no tema traballado		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	O alumnado practicará mediante o debate a escoita activa: entender, refutar e persuadir, respectando sempre as normas de interacción e a cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A argumentación como factor clave: tipos de argumentos. - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. - Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. - Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade. - Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia. - Coherencia e cohesión. - Corrección lingüística. - Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos. - Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio. - Interiorización do discurso. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).

Contidos

- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).
- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.
- Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.
- Proxémica: espazo escénico.
- Naturalidade fronte a artificiosidade.
- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.
- O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Oratoria debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos e das estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmo. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (expresión oral e escrita, comunicación, resolución de problemas, razoamento lóxico...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Oratoria con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos distintos departamentos dos centros e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación propia. Finalmente, as actividades individuais son

aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna do alumnado. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

4) Creación de textos escritos pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

5) Creación de textos con intención persuasiva a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (reportaxes, crónicas, columnas, artigos de opinión...).

6) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas.

7) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

8) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Documentos e recursos elaborados ou facilitados pola profesora.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais que integran a programación didáctica da materia de Oratoria debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Oratoria supón o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise crítica. O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os

rodea. Ademais, traballaremos cunha obra teatral baseada na preparación de discursos "Los discursos de Rosemary", de Dominique Richard (Vicens Vives)

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diferente tipoloxía, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalguna das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

En definitiva, os contidos da materia integraranse na aula a través de catro unidades didácticas que favorecerán a transversalidade e interdisciplinidade por medio da planificación, análise e emprego de estratexias baseadas na resolución de problemas tales como os principios de dedución e indución ou a comprobación da viabilidade da solución proposta á situación descrita. Será necesario tamén o desenvolvemento de actitudes como o rigor, a perseverancia, a cooperación e a responsabilidade entre os distintos membros dos grupos de traballo para provocar o rexeitamento de estereotipos, xerar debate, construír un pensamento crítico sólido, definido e individual e motivar os cambios necesarios para o promover o avance social.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A efectos de proceder á avaliación inicial das competencias do alumnado na materia, na primeira semana do curso realizarase unha actividade oral (presentación de cada alumno ante o grupo clase), que será valorada segundo táboa de indicadores.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	20	35	30	100
Proba escrita	53	0	23	16	21
Táboa de indicadores	47	100	77	84	79

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

LA NOTA FINAL de cada avaliación será el resultado de la aplicación de los siguientes porcentajes:

- 25% de la nota: Prueba escrita que valorará la adquisición de los contenidos teóricos de la materia (en fotocopias).
- 20% Actitud del alumno más la revisión del cuaderno de trabajo por parte del docente. Según escalas valorativas o rúbricas se tendrá en cuenta lo siguiente:

Actitud: Puntualidad, participación en las actividades didácticas, interés, aplicación y, por supuesto, respeto a las normas de convivencia del centro.

Cuaderno de trabajo: actividades realizadas en clase o en casa, corrección adecuada de las mismas, inclusión del material utilizado en el aula (fotocopias), apuntes tomados durante las explicaciones del profesor, anotaciones extraídas de diferentes fuentes para la realización de trabajos y respeto por la corrección ortográfica. Además, deberá

ajustarse a unos mínimos de presentación: márgenes, títulos destacados, aproveitamentos de las hojas, limpeza, etc.

- 25%: Actividades orales breves, individuais, realizadas a lo largo de cada evaluación y que valorarán el progreso del alumno en la adquisición de las cualidades oratorias (lectura expresiva, discursos breves, etc.)
- 30%: Trabajo individual o grupal trimestral relacionado con el contenido de la materia. Dicho trabajo, distinto en cada evaluación, requerirá de un proceso previo de investigación y documentación y deberá ajustarse a las indicaciones proporcionadas por el profesor. Se presentará mediante exposición oral ante el grupo-clase.

En todas as unidades usaranse táboas de indicadores, a efectos de rexistrar a actividade práctica propia da Oratoria.

A cualificación final obtense a partir da aplicación das seguintes porcentaxes:

- 30% para a primeira avaliación
- 30% para a segunda avaliación
- 40% para a terceira avaliación

Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante :

- A realización dunha proba final escrita en xuño que incluíra os contidos das avaliacións suspensas.
- A preparación (documentación, investigación, ...) e exposición ante o grupo clase dunha actividade oral complexa. O tema es as características da mesma deberán adaptarse as condicións e temática elixidas polo docente da materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A materia pendente queda recuperada no seguinte suposto:

- Avaliación positiva en dúas probas (unha escrita e outra oral) sobre o currículo da materia que se realizarán nos meses de xaneiro ou febreiro en primeira convocatoria e abril (2ª convocatoria). A cualificación, en tal caso, será de 5.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas orientáanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a educación secundaria obrigatoria e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos o alumnado, sexa cal sexa a súa condición persoal, pode aprender que a súa contorna educativa ofrece condicións necesarias de acceso e outorga experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de

aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmo.

- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.

- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo debe basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas de comprensión e produción oral nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.	X	X	X	X
ET.2 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X
ET.3 - A competencia dixital.		X	X	X
ET.4 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X
ET.5 - Liberdade de expresión.	X	X	X	X

Observacións:

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser persoas respectuosas coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmas e colaborar e traballar en equipo; ser creativas e emprendedoras; e comprometidas coa salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias. A materia de Oratoria debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Do texto á representación.	A dramatización é un dos mellores medios para introducir o alumnado no mundo da literatura e da oralidade. Esta actividade consiste en dramatizar un texto teatral (
Elaboración e gravación dun noticiario.	Esta actividade é idónea para desenvolver a competencia mediática e informacional. Ademais, a selección de noticias realizada polo propio alumnado despertará máis interese entre o alumnado e afianzará unha dinámica de traballo en equipo. Estudaremos a estrutura da noticia e faremos de reporteiros/as e investigadores/as. A clase dividirase en grupos para que cada un deles expoña una noticia de actualidade en diferentes ámbitos (político, deportivo, cultural, económico, social). A actividade consistirá en que, unha vez elaborada a noticia, se grave en vídeo e se expoña ao resto da clase (cada un dos membros do grupo encargarse dunha parte do traballo: gravación, investigación, exposición dos contidos, música de fondo, etc).			
Creación dun anuncio publicitario.	O obxectivo é persuadir o resto da clase para que merque o produto ou servizo, indicando por que é especial e como mellorará a nosa vida se o adquirimos. Deberá evitar especialmente os estereotipos sexistas e promocionar a igualdade entre os sexos.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos e alumnas que así o requiren.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Desenvolvéronse actividades e estratexias potenciadoras da oralidade, co fin de que o alumnado adquirise os recursos necesarios para expresarse correctamente e con eficacia nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais).
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probas, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspena.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Oratoria estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicacións PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final do desenvolvemento de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados